



## Concello de A Pobra do Caramiñal

---

Exptes nº: 2813/2017 e 2823/2017

### PROPOSTA DE ACORDO PLENARIO

Visto o acordo plenario de data 28 de setembro de 2017 de aprobación provisional da modificación das Ordenanzas Fiscais nº 7 reguladora da Taxa polo subministro e acometida á rede xeral de abastecemento de auga potable, así como da conservación de contadores e acometidas, e nº 20 reguladora da Taxa polo servizo de sumidoiros.

Visto que durante o prazo de exposición pública presentáronse as seguintes alegacións:

- Grupo Municipal do BNG, representado por Ramiro Ouviaña Ouviaña (R.E. 22/11/2017)
- María Cristina Andrade González (R.E. 12/12/2017)
- Ramiro Ouviaña Ouviaña (R.E. 13/12/2017)
- Carmen López Hermo (R.E. 14/12/2017)
- Xosé Manuel Casal Sabín (R.E. 14/12/2017)
- María Amparo Cerecedo Sánchez (R.E. 14/12/2017)
- Josefa Pazos Bermo (R.E. 14/12/2017, nº 6142 e 6143)

En todas elas se solicita que non se aproben definitivamente a modificación de ditas Ordenanzas Fiscais porque non se axustan ao establecido na Lei 2/2015, de 30 de marzo, de desindexación da economía española.

Visto o informe da Intervención municipal, de data 15/12/2017.

Considerando que o contrato administrativo de xestión do servizo público de abastecemento de auga e sumidoiros asinouse no ano 2002, e que a Lei 2/2015 non se aplica aos contratos administrativos adxudicados antes da súa entrada en vigor, mantéñense vixentes e de obrigatorio cumprimento as prescricións sobre revisión de prezos establecidas no Prego de cláusulas administrativas particulares e no contrato administrativo asinado coa adxudicataria, tal e como establece a Disposición Transitoria da Lei 2/2015:

*“O réxime de revisión de prezos dos contratos incluídos dentro do ámbito de aplicación do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, cuxo expediente de contratación iniciouse antes da entrada en vigor do real decreto ao que se refire o artigo 4 desta Lei será o que estea*

---

### Concello de A Pobra do Caramiñal



## Concello de A Pobra do Caramiñal

---

*establecido nos pregos. Para estes efectos, entenderase que os expedientes de contratación foron iniciados si publicouse a correspondente convocatoria do procedemento de adxudicación do contrato. No caso de procedemento negociado sen publicidade, para determinar o momento de iniciación tomarase en conta a data de aprobación dos pregos".*

Por todo o anterior, propónse ao Pleno a adopción do seguinte

### **ACORDO:**

**Primeiro.-** Desestimar as alegacións presentadas por:

- Grupo Municipal do BNG, representado por Ramiro Ouviaña Ouviaña (R.E. 22/11/2017)
- María Cristina Andrade González (R.E. 12/12/2017)
- Ramiro Ouviaña Ouviaña (R.E. 13/12/2017)
- Carmen López Hermo (R.E. 14/12/2017)
- Xosé Manuel Casal Sabín (R.E. 14/12/2017)
- María Amparo Cerecedo Sánchez (R.E. 14/12/2017)
- Josefa Pazos Bermo (R.E. 14/12/2017, nº 6142 e 6143)

**Segundo.-** Aprobar definitivamente o acordo plenario de 28 de setembro de 2017 de modificación das Ordenanzas Fiscais nº 7 reguladora da Taxa polo subministro e acometida á rede xeral de abastecemento de auga potable, así como da conservación de contadores e acometidas, e nº 20 reguladora da Taxa polo servizo de sumidoiros.

O Alcalde

José Luis Piñeiro García